

OS COIDADOS PARA FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL :

ÍNDICE :

- 1. PRESENTACIÓN DO PROXECTO**
- 2. INTRODUCCIÓN AO TEMA : FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**
- 3. RECOLLIDA DE DATOS :**
 - Recoñecemento da situación e requisitos**
 - Variacións causadas pola pandemia**
 - Previsión para os próximos anos**
- 4. ELABORACIÓN DO INFORME**

1. PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Realizamos este proxecto co obxectivo de dar a coñecer a situación das familias en risco de exclusión social, que son estas con problemas para acceder a recursos necesarios, tanto materiais coma educativos, culturais, laborais e sociais; dificultando isto a súa integración na sociedade, como son as familias con carencia de recursos ou con algún caso de drogodependencia ou maltrato.

Para isto empregaremos a información recollida nunha entrevista a diversas asociacións, encargada dos coidados e axudas en diversas áreas, incluído nestas os coidados para as familias en risco de exclusión social, o tema que imos abordar.

A información que presentamos está recollida por dúas organizacións: Itinerarios Boa Vida, que traballa para disminuir as desigualdades, fortalecer capacidades e mellorar o acceso a oportunidades a través da formación e o traballo conxunto, e Fundación Esplai, intervención social comunitaria, acción socioeducativa e inclusión

no ámbito das tecnoloxías de información e comunicación. As entidades que non nos responderon, en cambio, son Cruz Vermella, Afrogalegas, Fundación Secretariado Xitano, Asociación Alba e Asociación Amizade.

As preguntas da entrevista son:

- Perfís máis comúns?**
- Cales acostuman ser os principais problemas?**
- Que medidas adoptan cara estos?**
- Quen é o encargado de administrar estes coidados?**
- Que coidados acostuman precisar as familias en risco de exclusión social?**
- Aumentaron os casos coa pandemia?**
- Seguen a ser os mesmos coidados antes e despois da pandemia?**
- Previsión para a situación nun futuro cercano?**

As respostas a estas preguntas por parte de diversas asociacións fixo posible a realización do noso traballo, reforzadas pola información que buscamos en distintas fontes.

2. INTRODUCCIÓN AO TEMA; FAMILIAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN :

Alguén que non dispón dunha rede familiar ou social quedará nunha situación de risco ou vulnerabilidade. Cando alguén se atopa nalgunha destas situacións que poñen de manifesto a vulnerabilidade, dicimos que se atopa en risco de exclusión social.

Estas familias sorprenden aos equipos con modulacións sistémicas que non encaixan nos modelos e metodoloxías tradicionais. Por elo, é indispensábel desenvolver marcos orientadores específicos, que permitan ao profesional distinguir rasgos comúns na variedade, proxectando o seu abordaxe técnico en coñecemento do impacto de cada unha destas variables.

Os servicios educativos teñen un papel fundamental na atención e protección á infancia así como na detección de posibles situacións de risco social, grazas ao contacto continuado que se mantén cos nenos e as súas familias.

A situación de risco social se caracteriza pola existencia dun perxuízo para o menor que non alcanza a gravidade suficiente para xustificar a súa separación do núcleo familiar. A intervención neste caso destínase a eliminar, dentro da institución familiar, ditos factores de risco.

As situación de risco social non teñen un marco legal específico no marco xurídico español. Non hai ningunha lei española que defina con exactitude que é o risco social.

A escola e os centros de educación infantil son un lugar óptimo para a detección de casos de desprotección infantil, así como para a realización dun seguemento a nenos que se atopan en situacións de risco ou baixo unha atención protectora.

Os educadores e mestres teñen a oportunidade de observar a cada neno a través do tempo e en relación aos seus compañeiros, puidendo detectar anomalías no proceso de desenvolvemento ou cambios comportamentais que puideran facer sospeitar a existencia de problemas no neno.

É importante dotar aos técnicos en Educación infantil e aos mestres dos instrumentos precisos que lles axude a recoñecer situacións de risco social. Un factor de risco por si só non é explicativo, pero a asociación de varios de eles potenciano.

A continuación imos a proceder á análise daqueles factores identificables dende a educación Infantil:

- **Factores Socioeconómicos:**

Familias con problemas socio-económicos (falta de traballo, dificultade de inserción laboral...).

Illamamiento social (inmigración, falta de apoios familiares e sociais).

Outr@s fill@s con medidas de protección (tutela, garda).

Dificultade social (prostitución, delincuencia, mendicidade, privación de liberdade)

- **Factores familiares:**

Pai/nai con problemas de toxicomanía (Este tipo de situacións de risco dependendo do grado de dependencia ou adicción poderían ir de dificultades a malos tratos infantís).

Familias con historia de violencia (física ou verbal) e/ou maltrato (entre adultos e de adultos a nenos/as).

Os nenos e nenas tratados con violencia, xa sexa psíquica ou psicolóxica.

Malos tratos psicolóxicos, físicos, dun dos cónxugues a fillos e fillas ou maltrato dun cónxuge cara outro, xa que pode repetirse no menor.

Pais e nais de pouca idade (menores).

Monoparentalidade (por falecemento ou abandono).

Situación de ruptura familiar (Sobre todo se é traumática, sería unha situación de dificultade que derivaría nunha situación de risco social dependendo do nivel traumático que adquira).

Pai/nai con enfermidade orgánica crónica con afectación á armonía familiar, con minusvalía, ou con historia de enfermidade grave.

Ambiente familiar conflitivo (con situacións de estrés xeralizado, problemas conxugais) ou pouco estable (desestructuración familiar, afectiva, descontrol en todos los ámbitos, etc)

- **Relación nai/pai-filla/o**

Desinterés polo neno/nena

Pais con actitudes intolerantes, indiferentes ou con excesiva ansiedade ante as responsabilidades de fillos e fillas.

Escasa implicación e visitas á escola infantil.

Sobreprotección.

Embarazos problemáticos, non desexados, non controlados ou ocultados, en adolescentes e menores de idade, onde se ignore a identidade do pai, ou embarazos non suficientemente espaciados e/ou familias cun número elevado de rapaces e rapazas.

- **Factores biolóxicos.**

Nenos e nenas cuxas características especiais supoñan un valor engadido ás dificultades propias da crianza, podendo comprometer a estabilidade familiar (grandes prematuros, deficiencias, minusvalías...)

- **Otros:**

Absentismo escolar continuado

3. RECOLLIDA DE DATOS

- **Como recoñecelo?**

Alguén que non dispón dunha rede familiar ou social quedará nunha situación de risco ou vulnerabilidade si, por exemplo, sofre unha enfermidade grave. ... Cando algun se encontra nalgunha destas situacións ou outras que poñen de manifesto a vulnerabilidade, dicimos que se atopa en risco de exclusión social.

Estas familias sorprenden ós equipos con modulacións sistemáticas que non encaixan nos modelos e metodoloxías tradicionais.

A situación de risco social caracterízase pola existencia dun perxuízo para o menor que non acada a gravidade suficiente para xustificar a súa separación do núcleo familiar. A intervención neste caso destínase a eliminar, dentro da institución familiar, ditos factores de risco.

- **Perfís máis comúns**

Dende a Fundación Esplai respondéronnos que no caso das persoas e familias en risco de exclusión social acostuma haber dificultades relacionadas con ingresos económicos baixos, pero non é así en tódolos casos. Moitas veces as dificultades veñen derivadas de que unha persoa da familia teña unha enfermidade que non lle permite facer a súa vida de xeito autónomo. Isto supón que o resto da familia ten que reorganizar a súa vida, podendo precisar axuda profesional para os coidados ou económica para cubrir os gastos derivados da enfermidade. Actualmente, as familias monoparentais precisan de máis axuda externa respecto ao resto de familias, pois só hai unha persoa (normalmente muller) encargada de traballar e coidar dos seus fillos e fillas e/ou maiores con dependencia.

Mentres ámbalas dúas destacan o risco que teñen os grupos familiares con baixos recursos económicos, Boa Vida tamén destaca a situación dos migrantes; en situacións irregulares, solicitantes de protección internacional, e en posesión de arraigo social e situación de desemprego.

- **O aumento dos casos**

Boa Vida e a Fundación Esplai coinciden en que, aínda sen exactitude, podemos dicir que tras esta pandemia, os casos de familias e persoas en risco de exclusión social aumentaron considerablemente, tanto a demanda como a persistencia da mesma, sobre todo de aquelas persoas migrantes irregulares e sen acceso aos recursos e axudas públicas.

- **Perfiles máis comúns de persoas en busca de axuda?**

Dende a Fundación Esplai respondéronnos que no caso das persoas e familias en risco de exclusión social acostuma haber dificultades relacionadas con ingresos económicos baixos, pero non é así en tódolos casos. Moitas veces as dificultades veñen derivadas de que unha persoa da familia teña unha enfermidade que non lle permite facer a súa vida de xeito autónomo. Isto supón que o resto da familia ten que reorganizar a súa vida, podendo precisar axuda profesional para os coidados ou económica para cubrir os gastos derivados da enfermidade. Actualmente, as familias monoparentais precisan de máis axuda externa respecto ao resto de familias, pois só hai unha persoa (normalmente muller) encargada de traballar e coidar dos seus fillos e fillas e/ou maiores con dependencia.

Mentres ámbalas dúas destacan o risco que teñen os grupos familiares con baixos recursos económicos, Boa Vida tamén destaca a situación dos migrantes; en situacións irregulares, solicitantes de protección internacional, e en posesión de arraigo social e situación de desemprego.

- **Cales acostuman ser os principais problemas?**

Boa Vida describe como os principais problemas presentan una gran variedade; dende recursos económicos, á conciliación familiar, dificultades idiomáticas, soidade, ata chegar á dificultade para a búsqueda de emprego e do acceso a recursos comunitarios públicos.

Por outra banda, os principais problemas que nos comenta a Fundación Esplai están relacionados coa falta de vivenda e emprego dignos.

Moitas veces hai empregos que non ocupan a xornada completa, polo que os salarios son máis baixos, incluso chegando a estar por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional (menos de 950€/mes). Tamén hai personas que están en situación de desemprego, máis aínda coa actual crise causada pola pandemia, o que fai que os seus ingresos sexan moi baixos. A isto se lle suma que os prezos das vivendas son altos e ocuparan grande parte dos ingresos das persoas e familias.

Destacan tamén o problema de racismo e xenofobia que fai que as persoas que non son españolas teñen moitas máis trabas para que lles aluguen unha vivenda. Finalmente, non debemos esquecernos das persoas con discapacidade física, que necesitan dunha vivenda adaptada a un prezo asequible.

Tamén debemos lembrar que non é o mesmo vivir nunha cidade ou zona urbana que no rural. Vivir no rural supón unha dificultade engadida ao dito anteriormente, porque na meirande parte das zonas hai pouca conexión de transporte público, obrigando ás persoas a contar cun coche ou emprego na zona (cousa que non sempre é doada).

- **Que medidas se adoptan cara estes?**

Boa Vida responde que para intentar disuadir estes problemas lévanse a cabo varias medidas: Formacións específicas en dixitalización, idioma, competencias clave, ESA, formacións en sociedade acollida, nacionalidade, acompañamento social na búsqueda de recursos e no emprego, itinerarios personalizados de inclusión social e laboral, e grupos de participación para o apoio mutuo.

Á súa vez, Fundación Esplai destaca que é necesario mellorar as medidas. É necesario que se aumente a oferta de aluguer social ou facer permanente a Tarxeta

Básica: unha medida implementada coa pandemia que garante ás personas, de xeito áxil, unha tarxeta de débito para poder mercar bens de primeira necesidade. Isto o que garante é que as persoas non teñan que facer colas para pedir alimentos, senón que poidan ir ao super igual que o resto. Tamén é necesario que se siga traballando polo emprego de calidade.

- **Que coidados acostuman precisar as familias en risco de exclusión social?**

As familias en risco de exclusión social o que necesitan ademáis é ver garantidos os seus dereitos básicos (por exemplo: á vivenda ou ao emprego).

Boa Vida numera os coidados que acostuman precisar; sobre todo recursos económicos, alimentación, recursos básicos, traballo e vivenda.

- **Quen se encarga de administrar os coidados e como?**

Partindo da base de que todas e todos podemos administrar coidados, tanto Fundación Espali como Boa Vida presentan a realidade de que as nais de familia son quen acostuman administras estos coidados, sobre todo, aos menores.

As mulleres seguimos tendo o peso desta tarefa: coidar dos fillos e fillas, coidar de maiores que se atopan en situación de dependencia, coidar da hixiene da vivenda, coidar emocionalmente ás nosas parellas e amizades, etc.

- **Séguese a precisar os mesmos coidados antes e despois da pandemia**

Ámbalas organizacións falan da necesidade de romper coa fenda dixital. A pandemia supuxo un cambio no na sociedade: impártense clases online, pídese cita ao médico ou a organización de eventos. Existen moitas persoas que non teñen habilidades básicas para manexar aparellos tecnolóxicos; pero tamén existe un problema moi grande respecto á posibilidade de acceso a Internet, pois denuncia Fundación Esplai, o custo da liña non é asumible para todo o mundo. Pero mentres Boa Vida opina que as necesidades son outras polo feito de que son moito máis

acuciantes (non só no tecnolóxico senón tamén nas necesidades básicas), Fundación Esplai opina que si.

- **Previsión para a situación nun futuro cercano? Aumento ou descenso de casos?**

A previsión nun futuro inmediato é un empeoramento da situación, onde os casos seguirán aumentando. As axudas sociais que se tomaron de urxencia non só non chegan a toda a persoa que o precisa, senón que ademais teñen unha duración determinada, máis corta que a recuperación do mercado laboral, xa sexa o regular ou na economía sumerxida de subsistencia.

○

4. ELABORACIÓN DO INFORME

Grazas a estes datos, podemos observar que os factores que poden levar ás familias e ás persoas a unha situación de risco de exclusión social poden ser moitos e moi diversos.

Debemos pensar que todo o mundo precisa de coidados, ata os colectivos máis privilexiados senten a necesidade de ser atendidos naquilo que precisan por parte de familiares ou institucións. Pero neste caso, as persoas migrantes e con baixos recursos económicos, ademais de familias monoparentais, son quen necesitan de estas axudas máis.

A situación debido á pandemia da COVID empeorou notablemente, cun aumento perceptible de casos en tódolos ámbitos. Un acontecemento tan impactante como foi o de 2020, que afectou de tal xeito ao campo económico e ao cultural, ten graves consecuencias en persoas que xa se atopaban en situacións precarias; en persoas que nunca pensaron ter que afrontar estas situacións, vense obrigados a sufrila. Por iso é importante ter en mente que calquera de nós pode caer nalgún momento no mesmo.

Estes colectivos que precisan axuda carecen da representación constante que precisan, polo tanto o Estado como as persoas do común, para ofrecer máis

alternativas e a presenza que precisan nos medios, deben estar máis atentas e ser máis inclusivas.

As mulleres son, na maioría dos casos, as principais encargadas de aplicar os coidados que se precisan .

A resposta á previsión para o futuro cercano é rotunda: empeorará considerablemente. Aquelas persoas que non estean mal pasarán a estalo, e as que xa o están irán a peor. Polo tanto, precisamos moitas máis medidas e axudas aos colectivos que se atopan nestas situacións, pois estase a converter nunha situación insostíbel. E para isto, é clave ver cobertos os seus dereitos básicos.

BIBLIOGRAFÍA:

<https://www.savethechildren.es/actualidad/familias-en-riesgo-la-pobreza-en-espana>

<https://www.aacademica.org/000-073/129.pdf>

http://fresno.pntic.mec.es/msimal/indicadores_de_riesgo_social.htm

<http://redinclusion-social.es/documentos/estrategias-programas-planes/>

<https://www.fundacioesperanca.org/es/blog/que-significa-estar-en-riesgo-de-exclusion-social/#:~:text=Alguien%20que%20no%20dispone%20de,ejemplo%2C%20sufre%20una%20enfermedad%20grave.&text=Cuando%20alguien%20se%20encuentra%20en,en%20riesgo%20de%20exclusi%C3%B3n%20social>

<http://fundacionadecco.org/blog/solicitar-certificado-persona-riesgo-exclusion/>

http://fresno.pntic.mec.es/msimal/indicadores_de_riesgo_social.htm

<http://redinclusion-social.es/documentos/estrategias-programas-planes/>

<https://www.fundacioesperanca.org/es/blog/que-significa-estar-en-riesgo-de-exclusion-social/#:~:text=Alguien%20que%20no%20dispone%20de,ejemplo%2C%20sufre%20una%20enfermedad%20grave.&text=Cuando%20alguien%20se%20encuentra%20en,en%20riesgo%20de%20exclusi%C3%B3n%20social>

<http://fundacionadecco.org/blog/solicitar-certificado-persona-riesgo-exclusion/>